

**Características:**

Nome común: paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874).

Pureza mínima da substancia: débese comproba-la ausencia de metabolitos secundarios en cada caldo de fermentación mediante CLAR.

**Condicións da inclusión:**

Usos: soamente poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 27 de abril de 2001, deberase atender especialmente a:

Garanti-la ausencia de todo metabolito secundario, polo que cada caldo de fermentación deberá ser obxecto dunha proba de CLAR.

Prazos da inclusión: do 1 de xullo de 2001 ó 30 de xuño de 2011.

Prazos para a revisión de autorizacións provisórias:

a) O 30 de novembro de 2002, para formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outra substancia activa, aínda non incluída no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo previsto na alínea a) ampliarase na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións do Real decreto 2163/1994, pola que se modifique o anexo I para incluír nel esa outra substancia.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes:

As autorizacións concedidas volveranse a revisar no prazo máximo dos doce meses seguintes á data de adopción de tales principios.

Protección de datos: por ser Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) unha substancia nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

19. Condicións da inclusión da substancia activa DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo):

**Características:**

Nome común: DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo).

N.º CAS: 144740-54-5.

N.º CICAP: 577.

Nome químico (IUPAC): 2-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il-carbamoilsulfamoil)-6-trifluorometilnicotinato, sal monosódico.

Pureza mínima da substancia: 903 g/kg de produto técnico.

**Condicións da inclusión:**

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 27 de abril de 2001, deberase atender especialmente:

á protección das augas subterráneas.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2001 ó 30 de xuño de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 30 de novembro de 2002, para as formulacións simples,

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo previsto na alínea a) ampliarase na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións do Real decreto 2163/1994, pola que se modifique o anexo I para incluír nel esa outra substancia.

Protección de datos: por se-lo DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo) unha substancia activa nova aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

## XEFATURA DO ESTADO

**3016** *CORRECCIÓN de erros da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.* («BOE» 40, do 15-2-2002.)

Advertido un erro na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 39, columna 2, na disposición derradeira quinta, punto 2, liñas sétima e oitava, onde di: «... á natureza específica do réxime foral do propio País Vasco.», debe dicir: «... á natureza específica do réxime foral propio do País Vasco.»

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**3019** *REAL DECRETO 136/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas.* («BOE» 40, do 15-2-2002.)

A disposición derradeira primeira da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, establece que o Goberno aprobará o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas, a que se refire a indicada lei.

No seu cumprimento, este regulamento instrumenta a materia rexistral relativa ás sociedades cooperativas reguladas pola citada lei, como fórmula de seguridade xurídica na materia, para o efecto do cal terá que se garanti-la publicidade e a legalidade da constitución das sociedades cooperativas e dos demais actos principais da súa vida societaria, nos termos establecidos pola súa lei reguladora. O carácter constitutivo da inscrición rexistral que consagra o artigo 7 da Lei de cooperativas, confírelle ó rexistro a natureza de rexistro xurídico, de onde se deducen os efectos e as consecuencias previstos pola citada lei e este regulamento.

Doutra banda, o regulamento desenvolve e concreta as previsións contidas na citada Lei de cooperativas, tanto no que atinxe ás distintas actuacións que corresponden ó Rexistro de Sociedades Cooperativas, como á súa organización e funcionamento, axustándose no seu procedemento á normativa establecida pola Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, como instrumento de garantía dos particulares nas súas relacións co mencionado rexistro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2002,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas, que se insire a continuación.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio de procedementos.*

1. Os expedientes de inscrición rexistral iniciados antes da vixencia deste real decreto tramitaranse e resolvanse conforme as disposicións vixentes ata o dito momento.

2. Os asentos rexistrais efectuados polo Rexistro de Sociedades Cooperativas con anterioridade á vixencia deste real decreto continuarán subsistindo na mesma forma que ata o dito momento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e no regulamento adxunto que se aproba.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico de determinados preceptos.*

Decláranse básicos, ó abeiro do establecido no artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución, os artigos 2.3 e 12 do regulamento que a continuación se insire.

Disposición derradeira segunda. *Lexislación supletoria.*

As normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, aplicaranse supletoriamente en defecto do establecido neste regulamento.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de execución.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións de aplicación e execución deste real decreto e do regulamento aprobado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que aproba entrarán en vigor ó mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

## REGULAMENTO DO REXISTRO DE SOCIEDADES COOPERATIVAS

### CAPÍTULO I

#### Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto regula-la organización e funcionamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas, a que se refiren os artigos 109 a 111, e concordantes, da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, en relación co disposto no artigo 4 deste regulamento, así como as relacións entre o dito rexistro e as sociedades cooperativas, os seus órganos representativos e os promotores delas, e outros terceiros interesados.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación deste regulamento.*

1. O ámbito de aplicación deste regulamento esténdese ás sociedades cooperativas que realicen principalmente a súa actividade cooperativizada no territorio de varias comunidades autónomas, cando non o faga con carácter principal en ningún de tales territorios, sen prexuízo dos supostos do punto 3, así como nas cidades de Ceuta e Melilla.

2. Para os efectos do establecido no número anterior, enténdese por actividade cooperativizada a correspondente á actividade societaria por calquera das fórmulas establecidas a que se refire a Lei de cooperativas, con independencia do domicilio social e doutras relacións con terceiros. Para o mesmo efecto, enténdese que a dita actividade se realiza principalmente no territorio dunha determinada comunidade autónoma, cando a dita actividade nela resulte ser superior á realizada no conxunto dos demais territorios. Na inscrición inicial da sociedade, as ditas circunstancias deduciranse dos seus estatutos, sen prexuízo de que con posterioridade procedese modificalo foro rexistral como consecuencia de variación en tales circunstancias, que se acreditará mediante certificación da sociedade comprensiva da súa actividade efectiva, polo contido de modificación estatutaria, ou por calquera medio de proba válido en dereito.

3. Corresponde ó ámbito de aplicación deste regulamento o rexistro dos actos das cooperativas de crédito das que a actividade, sexa ou non cooperativizada, exceda do territorio dunha comunidade autónoma, conforme a súa lexislación específica.

4. As sociedades cooperativas europeas inscribíranse no rexistro a que se refire este regulamento, en libro especial para tal efecto.

Artigo 3. *Carácter do Rexistro de Sociedades Cooperativas.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas é público, e terá carácter unitario, a publicidade farase efectiva mediante calquera das formas a que se refiren os artigos 34 e 35 deste regulamento. O dito rexistro réxese, tamén, polos principios de lexitimación, prioridade e tracto sucesivo.

2. O Rexistro de Sociedades Cooperativas colaborará cos demais rexistros públicos e, en especial, cos rexistros mercantís e cos demais rexistros de sociedades cooperativas, na forma disposta por este regulamento.

Artigo 4. *Obxecto do rexistro.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas ten por obxecto a cualificación e inscrición das sociedades coo-

perativas e das asociacións de cooperativas, así como dos actos e negocios xurídicos que se determinen na Lei de cooperativas e neste regulamento.

2. O citado Rexistro de Sociedades Cooperativas desenvolverá tamén as funcións de legalización dos libros das sociedades cooperativas, o depósito e publicidade das súas contas anuais, e a anotación das sancións moi graves por infracción á lexislación cooperativa, así como a expedición de certificacións e cantas outras funcións lle atribúe este regulamento.

#### Artigo 5. *Eficacia do rexistro.*

1. O contido das inscricións e anotacións no Rexistro de Sociedades Cooperativas producirá efectos plenos que non prexudicarán os dereitos de terceiros de boa fe adquiridos conforme a dereito.

2. Os dereitos adquiridos en virtude das inscricións rexistradas presúmense que o son conforme a dereito. As inscricións non validan os actos que resulten nulos conforme a legalidade.

3. Cando, por sentenza xudicial ou resolución administrativa firme, se cancele una inscrición, tal cancelación determinará a das inscricións posteriores que resulten contradictorias con aquela.

#### Artigo 6. *Asentos rexistrados.*

1. Os asentos rexistrados que practique o Rexistro de Sociedades Cooperativas, atendendo á súa natureza, revestirán o carácter de inscricións ou de anotacións.

2. As inscricións corresponden ós actos a que se refire o artigo 9. As inscricións que supoñan a cancelación doutra anterior de carácter constitutivo producirán efectos extintivos da personalidade xurídica da sociedade cando así derive da natureza do acto inscrito.

3. As anotacións corresponderán ó asento relativo ó cumprimento de obrigas das sociedades cooperativas a que se refiren os artigos 60 e 61.4 da Lei de cooperativas, ós supostos de designación de auditor de contas do artigo 62 da mesma lei, e ós previstos no artigo 29 deste regulamento. As anotacións posteriores poderán ter efecto cancelatorio doutra anterior, cando así se derive do seu contido.

## CAPÍTULO II

### Das inscricións rexistradas

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DOS ACTOS REXISTRABLES DE SOCIEDADES

#### Artigo 7. *Carácter das inscricións.*

1. Conforme o artigo 7 da Lei de cooperativas, a inscrición no rexistro da constitución dunha sociedade cooperativa é obrigatoria, e determinará a adquisición da súa personalidade xurídica.

2. A inscrición dunha sociedade cooperativa só se poderá denegar cando a súa escritura de constitución e os seus estatutos non se axusten ás prescricións necesarias da Lei de cooperativas. O mesmo principio de legalidade será de aplicación para a denegación das inscricións subseguintes á de constitución.

3. A denominación das sociedades inscritas no rexistro a que se refire este regulamento incluírán necesariamente as palabras «Sociedade Cooperativa» ou a súa abreviatura «S. Coop.», de conformidade co disposto no artigo 1.3 da Lei de cooperativas.

#### Artigo 8. *Obrigatoriedade da inscrición.*

1. Os actos suxeitos a inscrición, a que se refire o artigo seguinte, son obrigatorios, e só teñen efecto respecto a terceiros desde a súa inscrición.

2. Así mesmo, son obrigatorios os prazos establecidos pola Lei de cooperativas e por este regulamento para solicitar do rexistro a correspondente inscrición de actos societarios.

3. A sociedade cooperativa é responsable do cumprimento das súas obrigas rexistradas, sen prexuízo das responsabilidades que no seu ámbito interno resulten esixibles con carácter persoal.

#### Artigo 9. *Actos rexistrables.*

1. É preceptiva a inscrición rexistral dos seguintes actos relativos a sociedades cooperativas de primeiro ou de segundo grao:

- a) A constitución da sociedade.
- b) A modificación dos estatutos da sociedade.
- c) O outorgamento, modificación ou revogación dos poderes xerais de xestión, administración e dirección outorgados polo consello rector.
- d) O nomeamento e cesamento dos membros do consello rector, interventores, interventores xudiciais, liquidadores e, se é o caso, administrador único e comité de recursos, así como os conselleiros delegados cando se lles confiran facultades propias dos anteditos órganos.
- e) Nas cooperativas de crédito, o nomeamento e cesamento dos membros do consello rector e director xeral e, se é o caso, os membros das comisións executivas, comisións mixtas e conselleiros delegados e, así mesmo, a creación ou supresión das súas sucursais.
- f) Os acordos de fusión de sociedades cooperativas.
- g) Os acordos de escisión.
- h) Os acordos de transformación.
- i) A disolución de sociedades cooperativas.
- j) A extinción da sociedade.
- k) Os acordos de reactivación de cooperativas.
- l) Os actos xudiciais en materia concursal, conforme a súa propia lexislación.
- m) O acordo de integración nun grupo cooperativo e a acta notarial da súa formalización.
- n) A descualificación firme da cooperativa.
- ñ) Cantos outros fosen obrigados pola legalidade aplicable.

2. O rexistro expedirá as certificacións sobre actos rexistrables e demais formas da súa manifestación que lle sexan solicitados polos interesados, conforme determina este regulamento.

3. Para solicita-la correspondente inscrición rexistral presentarase ante o rexistro o instrumento público, sentenza, resolución administrativa, ou acordo que resulte procedente en cada caso segundo a inscrición que se vaia practicar, conforme o establecido neste regulamento.

4. Nos actos suxeitos a inscrición que fosen obxecto de arbitraje de dereito conforme a disposición adicional décima da Lei de cooperativas, presentarase un documento acreditativo do acordo de submisión á dita arbitraje e do texto íntegro do correspondente laudo recaído subscrito polo árbitro ou árbitros.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DO PROCESO DE INSCRICIÓN DE SOCIEDADES

#### Artigo 10. *Iniciativa de inscrición.*

1. As solicitudes de inscrición de actos que afecten a sociedades cooperativas poderaas realizar quen teña



a súa representación, cando as actuacións do rexistro o sexan por instancia da sociedade interesada. Para a constitución inicial, a dita representación con capacidade de actuación correspóndelles a tódolos seus promotores, ou ós que fosen designados para o efecto na escritura de constitución.

2. Cando os actos rexistrables deriven do establecido en sentenza firme da xurisdicción, ou de resolución administrativa firme na dita vía, serán achegados ó rexistro por quen corresponda conforme este regulamento.

3. Os mandamentos xudiciais de inscrición rexistral serán presentados ó rexistro pola representación procesual á que lle fosen librados.

**Artigo 11. Forma da iniciativa de inscrición mediante instrumento público.**

Os interesados ós que se refire o punto 1 do artigo anterior formularán a súa solicitude, xunto cunha copia autorizada e unha copia simple da correspondente escritura pública, nos supostos seguintes:

a) Constitución da sociedade, con suxeición ós requisitos do artigo 10 da Lei de cooperativas.

b) Modificación dos estatutos da sociedade, conforme o artigo 11.3 da Lei de cooperativas.

c) Formalización do acordo ou acordos de fusión de sociedades cooperativas, para os efectos do punto 4 do artigo 64 da Lei de cooperativas. Para inscribi-la nova sociedade resultante será preceptivo que a escritura responda ós requisitos dos artigos 10 e 11 da Lei de cooperativas.

d) Formalización de fusión especial, cando a sociedade resultante sexa unha sociedade cooperativa rexida pola Lei de cooperativas, nos supostos do artigo 67 da dita lei.

e) Formalización da escisión, ou de transformación nunha sociedade cooperativa, nos termos e cos requisitos dos artigos 68 e 69 da Lei de cooperativas.

f) Formalización do acordo de disolución dunha sociedade cooperativa do artigo 70 da Lei de cooperativas e, se é o caso, do da súa reactivación nos supostos ós que se refire o mesmo precepto legal.

g) Extinción da sociedade cooperativa, cos requisitos do artigo 76 da Lei de cooperativas, para a cancelación dos asentos rexistrais.

h) Constitución de cooperativa de segundo grao, mediante a súa constitución directa ou por fusión, escisión, transformación ou disolución doutras sociedades anteriores, conforme o artigo 77 da Lei de cooperativas.

i) Formalización contractual de grupo cooperativo na folla rexistral de cada sociedade incorporada, así como, se é o caso, da modificación de estatutos da entidade cabeza de grupo se é sociedade cooperativa, conforme o artigo 78 da Lei de cooperativas.

j) Outorgamento, modificación ou revogación de poderes, conferindo facultades de xestión e dirección permanentes da actividade da sociedade, nos termos do número 3 do artigo 32 da Lei de cooperativas.

k) Cantos outros supostos de inscrición necesaria se poidan determinar mediante lei, e sexa preceptiva a formalización do acto en escritura pública.

**Artigo 12. Formalidades na solicitude de inscricións de cooperativas de crédito.**

1. As solicitudes ante o rexistro para inscrición constitutiva de cooperativas de crédito rexidas pola Lei 13/1989, do 26 de maio, ademais da escritura pública outorgada para o efecto, deberán achega-la acreditación documental de ter obtida a autorización do Ministerio de Economía e a inscrición no correspondente rexistro do Banco de España, conforme o artigo 5.2 da dita lei

e os artigos 1 e 6 do Regulamento de cooperativas de crédito aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

2. As solicitudes de inscrición das persoas elixidas como conselleiros, membros de comisións mixtas ou executivas e liquidadores, ou designados como directores xerais das cooperativas de crédito, deberán acreditarlo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 28 do Regulamento de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

3. As demais solicitudes de inscrición de actos relativos a cooperativas de crédito acreditarán o cumprimento dos requisitos establecidos polo Regulamento de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

**Artigo 13. Forma da iniciativa de inscrición mediante certificación de acordo societario.**

1. Os interesados formularán a súa solicitude de inscrición xunto con certificación literal dos acordos adoptados, expedida polo secretario e visada polo presidente nos supostos seguintes:

a) Elección pola asemblea xeral dos membros do consello rector, interventores, liquidadores e, se é o caso, administrador único e comité de recursos, segundo os artigos 34.3 e 71.1 da Lei de cooperativas.

b) Designación polo consello rector ou a asemblea dos cargos de presidente, vicepresidente e secretario, nos termos previstos nos puntos 1 e 3 do artigo 34 da Lei de cooperativas e, se é o caso, o de conselleiros delegados a que se refire o artigo 9.1.d) deste regulamento.

c) Nomeamento dos órganos a que se refire o punto 2 do artigo anterior, conforme os requisitos do dito precepto.

d) Acordo de cesamento dos cargos dos puntos anteriores deste artigo, calquera que fose a súa causa.

e) Cantos outros actos societarios resulten susceptibles de inscrición no rexistro, conforme os artigos 29.3, 30.5 e 77.6 da Lei de cooperativas, e non sexa preceptiva a presentación de escritura pública.

2. A eficacia da aplicación dos acordos a que se refire o punto anterior quedará condicionada á inscrición no rexistro do correspondente acto.

**Artigo 14. Inscricións de oficio.**

1. A resolución administrativa que dispoña a descalificación dunha sociedade cooperativa, unha vez que sexa firme, comunicarase integramente ó rexistro para os efectos rexistrais que correspondan. Así mesmo, a Administración comunicará ó rexistro a sentenza que recaia en recurso contencioso-administrativo derivado de resolucións de descalificación.

2. O rexistro dará cumprimento rexistral de oficio ó contido resolutorio das sentencias da orde contencioso-administrativa que recaian en relación con resolucións administrativas en materia de rexistro de actos relativos a sociedades cooperativas.

3. As sentencias da xurisdicción civil, unha vez que sexan firmes, terán o efecto rexistral que corresponda se se refiren a supostos dos previstos no artigo 9. Para tal efecto, os interesados presentarán ó rexistro testemuño literal da sentenza de que se trate e da súa firmeza. Os laudos recaídos en arbitraje de dereito suxeitaranse ó establecido no artigo 9.4 deste regulamento.

4. Así mesmo, presentaranse ó rexistro para a súa inscrición os mandamentos xudiciais relativos a declaración do concurso, supresión de facultades de admi-

nistración dos órganos societarios, nomeamento de administradores xudiciais, sentenza aprobatoria do convenio, conclusión do concurso, apertura de liquidación, declaración de disolución e cantos actos sinale para este efecto a lexislación concursal.

**Artigo 15. *Requisitos dos documentos presentados para rexistro.***

1. Para proceder á cualificación e, se é o caso, asento rexistral que corresponda, os documentos presentados para tal efecto terán que observar os seguintes requisitos formais:

a) Nos actos que se teñan que formalizar mediante escritura pública, esta deberá sinalar suficientemente os elementos que resulten obrigados para cada caso en aplicación da Lei de cooperativas e demais normas legais de carácter necesario.

b) Nos actos societarios que se refiran a outorgamento ou modificación de poderes xerais de xestión e dirección, as facultades conferidas transcribíranse ó correspondente instrumento público con expresión do seu alcance e amplitude, así como os datos de identificación dos que resulten apoderados, presentándose copia autorizada da correspondente escritura pública.

c) Nos actos formalizados por certificación societaria relativos a nomeamento de membros do órgano de goberno, interventores, comité de recursos ou liquidadores da sociedade, faranse constar os datos de identificación persoal de cada un deles, a aceptación do cargo polo interesado e, se é o caso, a expresa cita da súa declaración de non incorrer en ningún dos supostos do artigo 41 da Lei de cooperativas.

2. As certificacións de actos societarios suxeitos a rexistro serán subscribas polo secretario da sociedade co visado do seu presidente, salvo nos supostos de administrador único, en que as subscribirá este, e nos do artigo 29.4 da Lei de cooperativas, en que se terá en conta a acta notarial. Os que subscriban a correspondente certificación responderán do seu contido e do cumprimento da obriga da súa presentación en forma e prazo ó rexistro, sen prexuízo do establecido no artigo 38.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

3. Os documentos a que se refiren os puntos anteriores xuntaranse ó escrito de solicitude de rexistro, que subscribirá o presidente da sociedade ou a persoa apoderada por ela ou designada para o efecto na escritura de constitución, coa que se seguirán as actuacións posteriores.

4. O rexistro, cando o considere necesario, poderá dispoñer a compulsa das sinaturas que figuren nas certificacións que se lle presenten ou, se é o caso, dispoñer que sexan lexitimadas notarialmente polos interesados.

**Artigo 16. *Prazos de presentación.***

1. As solicitudes de inscrición constitutiva terán que se formular no prazo dun mes desde o outorgamento da correspondente escritura pública. Se transcorresen máis de seis meses, deberase xuntar ratificación en instrumento público da dita escritura de constitución, que será outorgado con antelación inferior a un mes ó da súa presentación ó rexistro. En todo caso, transcorridos doce meses desde o outorgamento da escritura inicial sen ter cumpridas as ditas obrigas, o rexistro poderá denegar definitivamente a inscrición solicitada, cos efectos que diso se deriven.

2. O disposto no punto anterior é de aplicación á inscrición dos demais actos en que sexa preceptivo o

outorgamento de escritura pública, a teor da Lei de cooperativas e deste regulamento.

3. A solicitude de inscrición rexistral de actos en que non sexa preceptiva a súa elevación a escritura pública, presentarase ó rexistro no prazo máximo dun mes desde a produción do acto. Transcorridos seis meses sen ter presentada tal solicitude, requirirá a ratificación do acto por parte do órgano que o produciu, que se certificará na forma establecida no artigo 15.

**Artigo 17. *Actos de sociedades cooperativas en constitución.***

1. A inscrición de actos societarios adoptados por sociedades cooperativas en período de constitución requirirá previamente a inscrición no rexistro da sociedade.

2. Os actos de inscrición obrigatoria adoptados con anterioridade á inscrición constitutiva deberán ser aceptados expresamente mediante acordo do órgano societario competente, nos tres meses seguintes á notificación da inscrición constitutiva da sociedade. A acta notarial ou a certificación societaria que recolla o acto deberá recoller tamén o acordo de aceptación ó que se refire o artigo 9.1 da Lei de cooperativas.

**Artigo 18. *Admisión a trámite.***

1. Presentada a solicitude de inscrición rexistral ante o Rexistro de Sociedades Cooperativas, se non reunise os requisitos formais esixibles, requiriranse os solicitantes para a súa emenda en dez días e, de non o faceren en tempo e forma, o rexistro declarará a inadmisión a trámite da correspondente solicitude con arquivo do actuado. Noutro caso, e no mesmo prazo, o rexistro procederá de conformidade co artigo 42.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Cando a solicitude corresponda a supostos de inscrición de oficio a que se refire o artigo 14, se o documento remitido non reunise os requisitos regulamentarios, o rexistro solicitará a emenda do órgano correspondente, conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou do interesado cando este o presentase ó rexistro para a súa inscrición.

**Artigo 19. *Cualificación dos actos rexistrables.***

Admitida a trámite a solicitude conforme o artigo anterior, o Rexistro de Sociedades Cooperativas procederá á cualificación do acto obxecto da inscrición rexistral, mediante o estudo da súa adecuación xurídica e do cumprimento das formalidades esixibles nos documentos en que se formaliza, nos termos da Lei de cooperativas, neste regulamento e demais normativa de carácter imperativo.

**Artigo 20. *Resolución rexistral.***

1. Cando o acto susceptible de inscrición rexistral resulte axustado a dereito, o rexistro así o declarará en resolución dictada para tal efecto, e disporá a inscrición do acto na correspondente folla rexistral.

2. Se o acto obxecto da solicitude de inscrición non se axustase a dereito, ou non se atendese o requirimento de emenda a que se refire o punto 1 do artigo 18, o rexistro dictará resolución denegatoria da inscrición, e procederá ó arquivo do actuado.

3. Os requisitos das resolucións de contido rexistral que adopte o Rexistro de Sociedades Cooperativas someteranse ó establecido na materia pola Lei de réxime xurí-

dico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Nos supostos de inscrición de actos de constitución, modificación, fusión, escisión e transformación de sociedades cooperativas, o prazo máximo para a notificación da resolución será de seis meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, entenderase estimada a solicitude, producindo os seus efectos rexistrals.

#### Artigo 21. *Facultades resolutorias e recursos.*

1. A competencia para dicta-las resolucións ás que se refire o artigo anterior correspóndelle ó subdirector xeral de Fomento e Desenvolvemento Empresarial e Rexistro de Entidades, por proposta do funcionario que se atope directamente á fronte do rexistro.

2. As resolucións do rexistro sobre inscricións son susceptibles de recurso de alzada ante o director xeral de Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo, conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 22. *Inscrición parcial.*

Poderase acorda-la inscrición parcial, de oficio ou por instancia do interesado, cando o título presentado a inscrición conteña actos que se poidan cualificar como procedentes, mesmo cando outros recollidos no mesmo título non merezan tal cualificación, sempre que aqueles non queden afectados ou condicionados por estes. A inscrición parcial só acollerá os actos cualificados como procedentes.

#### Artigo 23. *Modificacións rexistrals.*

1. Cando, con posterioridade á inscrición dun acto, se constatasen erros materiais, de feito ou aritméticos, de oficio ou por instancia de interesado, o rexistro practicará a rectificación rexistral que proceda de acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e comunicarllela ós que resulten interesados.

2. Se, trala inscrición dun acto societario, o rexistro considerase a concorrencia de supostos de nulidade ou anulabilidade, observarase o disposto nos artigos 102 e 103 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Antes de promover a modificación rexistral, o rexistro comunicarlle os antecedentes á sociedade afectada para que manifeste o que lle conveña durante o prazo dun mes.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS

#### Artigo 24. *Inscrición de asociacións de cooperativas.*

1. As unións, federacións e confederacións de sociedades cooperativas a que se refire o título III da Lei de cooperativas están obrigadas ó depósito da escritura pública de constitución co contido sinalado polo artigo 120.2 da dita lei.

2. No prazo dun mes desde o depósito da documentación sinalada no artigo 120.2 da Lei de cooperativas, o Rexistro de Sociedades Cooperativas disporá a publicidade do depósito no «Boletín Oficial del Estado», ou rexeitará o depósito mediante resolución fundamentada na carencia dalgún dos requisitos mínimos que se

establecen nos artigos 118 a 120 da Lei de cooperativas; neste caso, o dito rexistro requirirá por unha soa vez para que, no prazo dun mes, se emenden os defectos que se sinalen, e de non o facer procederase ó rexeitamento do depósito.

#### Artigo 25. *Personalidade xurídica das asociacións de cooperativas.*

De conformidade co artigo 120.4 da Lei de cooperativas, as asociacións de cooperativas adquirirán a súa personalidade xurídica ó mes de lle solicitar ó rexistro o depósito da escritura da súa constitución, salvo que o rexistro acorde o seu rexeitamento no dito prazo mediante a resolución fundamentada á que se refire o artigo anterior.

#### Artigo 26. *Outras obrigas das asociacións de cooperativas.*

As unións, federacións e confederacións de cooperativas deberanlle comunicar ó Rexistro de Sociedades Cooperativas a variación no número dos seus membros, sen que diso deriven efectos rexistrals.

### CAPÍTULO III

#### Das demais actuacións e das formas de manifestación do rexistro

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DAS ANOTACIÓNS REXISTRALS

#### Artigo 27. *Legalización de libros societarios.*

1. As sociedades cooperativas a que se refire este regulamento legalizarán os libros societarios sinalados polo artigo 60 da Lei de cooperativas ante a área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente ó domicilio social, que actuarán por delegación do Rexistro de Sociedades Cooperativas, salvo as sociedades domiciliadas na Comunidade de Madrid, que o farán directamente no rexistro.

2. A legalización será previa á utilización dos correspondentes libros. Se se utilizasen medios informáticos ou semellantes, ó peche do exercicio reflectiranse, cronolóxica e correlativamente, tódolos datos en soporte papel e en formato encadernado, que se presentará ós órganos sinalados no punto 1 para a súa legalización no prazo de catro meses desde que corresponda o peche do exercicio.

3. Os órganos citados legalizarán os libros mediante dilixencia en que conste a denominación da sociedade, clase de libro, número que lle corresponda dos da súa clase, número de folios de que se compón e data da dilixencia, e procederá a selar tódolos seus folios, que estarán numerados correlativamente.

4. Os órganos territoriais referidos no punto 1 remitirán en quince días, ó Rexistro de Sociedades Cooperativas, copia da dilixencia de legalización, para a práctica da correspondente anotación rexistral.

#### Artigo 28. *Depósito de contas.*

1. O presidente do consello rector de cada cooperativa presentará, para o seu depósito no Rexistro de Sociedades Cooperativas, certificación dos acordos da asemblea xeral de aprobación das contas anuais e de aplicación dos excedentes ou de imputación de perdas, nos termos e prazos do artigo 61.4 da Lei de cooperativas.



2. Coa referida certificación, presentarase ó rexistro un exemplar de cada conta anual, o informe de xestión e, se é o caso, o informe dos auditores, salvo nos supostos do punto 3 deste artigo, en que se presentará a documentación en exemplar duplicado. Se algunha ou tódalas contas se formularsen en forma abreviada, así se fará constar na certificación, con expresión da súa causa. O depósito anotarase na folla persoal da sociedade no rexistro.

3. O Rexistro de Sociedades Cooperativas comunícallo ó Rexistro Mercantil o depósito das contas das sociedades que estivesen tamén obrigadas a iso no Rexistro Mercantil, sen prexuízo do que se estableza polo real decreto ó que se refire a disposición derradeira terceira da Lei de cooperativas.

4. Se o depositante o solicitase expresamente, notificaráselle que se realizou o depósito, se é o caso, con indicación do Rexistro Mercantil ó que se remitise.

#### Artigo 29. *Designación de auditor de contas.*

1. Nos supostos especiais a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 62 da Lei de cooperativas, e por solicitude expresa dos que resulten lexitimados, o Rexistro de Sociedades Cooperativas nomeará un auditor de contas para un determinado exercicio.

2. A solicitude formularase por escrito, con expresión da lexitimación que ampara a solicitude e, se é o caso, das causas que a xustifiquen e da data de peche do exercicio; os gastos serán por conta da entidade auditada.

3. O rexistro efectuará o nomeamento de auditor a que se refire o punto 1, por insaculación entre a lista facilitada polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. O citado nomeamento anotarase na folla da sociedade cooperativa no rexistro.

#### Artigo 30. *Suspensión de actividades dunha sociedade cooperativa.*

1. Cando unha sociedade cooperativa preveña a suspensión das súas actividades por un prazo superior a un ano, así o comunicará ó rexistro para que este asente a correspondente anotación da dita suspensión, anotación que terá os seus efectos en relación co establecido no artigo 38,3,a) do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social.

2. Cando unha sociedade cooperativa non presentase ó rexistro actos de inscrición ou depósito obrigatorio durante dous anos consecutivos, o rexistro iniciará as actuacións para a súa aclaración ou para a suspensión da efectividade dos correspondentes asentos rexistrais. Para tal efecto, con carácter previo, o rexistro comunicará á sociedade as circunstancias apreciadas, para que no prazo dun mes manifeste o que corresponda ou para que proceda á súa regularización.

3. O establecido nos números anteriores enténdese sen prexuízo, se é o caso, da posible responsabilidade da sociedade ou dos membros dos seus órganos.

#### Artigo 31. *Comunicación de sancións moi graves.*

1. As sancións administrativas firmes por infraccións moi graves á Lei de cooperativas, nos termos do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, comunicaranse ó Rexistro de Sociedades Cooperativas.

2. Para tal obxecto, o órgano administrativo que impoña a sanción, tan pronto adquira firmeza, expedirá certificación literal dela ó rexistro, que procederá á correspondente anotación rexistral polo prazo de prescrición da sanción, e cancelaráa automaticamente ó seu vencemento.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DAS CONSULTAS Ó REXISTRO

### Artigo 32. *Cualificación previa.*

1. Os promotores dunha sociedade cooperativa poderán solicitar do Rexistro de Sociedades Cooperativas a cualificación previa do proxecto de estatutos. Para tal fin, formularán a correspondente solicitude, á que lle xuntarán por duplicado o texto íntegro do proxecto de estatutos que sometan a consulta.

2. A cualificación previa é vinculante para o Rexistro de Sociedades Cooperativas, salvo manifesta ilegalidade, e non será susceptible de recurso administrativo.

3. O establecido nos puntos anteriores é sen prexuízo das delegacións e subdelegacións do Goberno, ás que se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro.

### Artigo 33. *Certificacións sobre denominacións.*

1. Para os efectos do previsto nos artigos 10.1.h) e 120 da Lei de cooperativas, o Rexistro de Sociedades Cooperativas é o órgano competente para expedir certificacións sobre a existencia ou non de entidades inscritas no dito rexistro con idéntica denominación que outra da que se proxecte a constitución.

2. A denominación obxecto de certificación terá unha validez de seis meses, contados desde a data da súa expedición. O prazo poderá ser ampliado por outros dous meses se a sociedade tivese iniciado o proceso de inscrición.

## SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA MANIFESTACIÓN DOS ASENTOS DO REXISTRO

### Artigo 34. *Certificacións.*

1. A certificación será o único medio de acreditar de forma que faga fe o contido dos actos inscritos no rexistro e expedirase por instancia dos que demostren ter interese no acto obxecto de rexistro conforme os artigos 30 a 34 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A certificación literal poderase realizar mediante a utilización de calquera medio mecánico de reprodución.

### Artigo 35. *Outras formas de manifestación.*

O principio de publicidade poderase cumprir mediante a expedición de nota simple dos asentos rexistrais, ou mediante a súa exhibición, cando así se solicite ou cando non concorra a condición de interesado a que se refire o artigo anterior.

## CAPÍTULO IV

### Da organización e funcionamento do rexistro

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DA ORGANIZACIÓN DO REXISTRO

### Artigo 36. *Do Rexistro de Sociedades Cooperativas.*

1. Para o desenvolvemento das funcións rexistrais establecidas na Lei de cooperativas e neste regulamento establécese o Rexistro de Sociedades Cooperativas ó que se refire o artigo 3, como órgano da Administración xeral do Estado no ámbito das competencias que a esta lle corresponden.

2. O dito rexistro radicará en Madrid e terá carácter unitario para todo o territorio nacional, para os efectos

das competencias sinaladas no punto anterior, co réxime establecido neste regulamento, en dependencia da Dirección Xeral de Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou centro directivo que no futuro o substitúa.

3. As áreas e dependencias de Traballo e Asuntos Sociais das delegacións e subdelegacións do Goberno terán as funcións delegadas do Rexistro de Sociedades Cooperativas que se establecen neste regulamento.

#### Artigo 37. *Seccións rexistrais en Ceuta e Melilla.*

1. Nas cidades de Ceuta e de Melilla existirá unha sección do Rexistro de Sociedades Cooperativas, que radicará na área de Traballo e Asuntos Sociais da respectiva delegación do Goberno.

2. Nas ditas seccións, baixo a dependencia funcional e técnica do Rexistro de Sociedades Cooperativas, asumiranse tódalas funcións rexistrais que lles correspondan ás sociedades cooperativas constituídas para actuar principalmente no ámbito territorial respectivo de Ceuta ou de Melilla.

3. Nos supostos ós que se refire o punto anterior, as facultades de cualificación, inscrición e certificación correspóndenlle ó director da área citada no punto 1 deste artigo.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DO FUNCIONAMENTO DO REXISTRO

#### Artigo 38. *Regras de funcionamento do rexistro.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas recibirá as solicitudes de inscrición ou anotación que se lle formulen, xunto cos documentos que resulten preceptivos en cada caso por aplicación da Lei de cooperativas e deste regulamento.

2. As regras sobre iniciación, ordenación e finalización do procedemento rexistral, así como sobre cómputo de prazos e requisitos dos actos rexistrables, serán as establecidas pola Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Están lexitimados para solicitar as inscricións rexistrais os que fosen designados para tal efecto na escritura de constitución, os que desempeñen as funcións de presidente e de secretario do órgano de goberno da sociedade e, no seu defecto, os que teñan conferido poder suficiente con suxeición ás normas estatutarias.

4. As solicitudes de inscrición ou anotación rexistral a que se refire este regulamento dirixiranse expresamente ó Rexistro de Sociedades Cooperativas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, excepto as relativas á legalización de libros, que se dirixirán ó órgano que corresponda a teor do artigo 27 deste regulamento. Os prazos para admisión a trámite e para a notificación da resolución computaranse desde o día seguinte a aquel no que a solicitude teña entrada efectiva no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

5. Finalizado o procedemento de inscrición, o rexistro porá á disposición dos interesados a copia autorizada da escritura; por solicitude do interesado, devolverá dilixenciada unha copia da correspondente certificación societaria cando esta conteña o acto inscrito.

6. A publicación dos actos societarios que resulte preceptiva en aplicación na normativa aplicable será por conta da respectiva sociedade.

#### Artigo 39. *Documentación do rexistro.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas disporá dun libro de sociedades, un libro de sociedades cooperativas europeas e un libro de asociacións para a prác-

tica dos asentos rexistrais que correspondan a cada clase de persoa xurídica.

2. Os libros de sociedades e de asociacións levaranse polo sistema de folla persoal, conforme o artigo 110.2 da Lei de cooperativas. O libro de sociedades cooperativas europeas, conforme a normativa comunitaria.

3. Cada sociedade cooperativa disporá no rexistro dunha folla persoal, á que se atribuirá un número ordinal que será o de identificación rexistral da correspondente sociedade xunto coa súa denominación.

4. A folla persoal disporá, se é o caso, dos anexos ou folios que sexan precisos, que serán numerados correlativamente, nos que se practicarán as inscricións ou anotacións que resulten preceptivas, conforme o disposto neste regulamento. As inscricións numeraranse correlativamente segundo a orde cronolóxica da súa produción, ben sexan en virtude de acto expreso ou por silencio administrativo, e disporán na folla de espazo reservado para o efecto. As anotacións produciranse correlativamente pola súa orde, en espazos marxinais da folla establecidos para o efecto.

5. Con ocasión da primeira inscrición constitutiva abriase a correspondente folla, a dilixencia de habilitación da cal conterá os datos de identificación societaria e rexistral e será subscrita polo encargado do rexistro.

6. A tramitación de actuacións sen contido rexistral suxeitarase ás normas xerais que rexen nas administracións públicas.

7. Os documentos que accedan ó rexistro formarán o expediente de cada entidade, que se incorporarán ó arquivo do rexistro. A documentación relativa ó depósito de contas e auditoría arquivarase separadamente por entidades e exercicios económicos.

#### Artigo 40. *Xestión dos asentos rexistrais.*

1. Os asentos rexistrais realizaranse por extracto; pódese incorporalo texto íntegro do documento mediante o uso de medios informáticos, e con remisión ó arquivo onde consta o documento obxecto de inscrición.

2. Terán prioridade na tramitación as solicitudes de inscrición segundo a orde da súa entrada no rexistro.

3. O rexistro aplicará o principio de tracto sucesivo, de forma que non se poderá producir unha inscrición ou anotación sen a dos actos previos de inscrición ou anotación que sexa preceptiva, cando condicionen o contido do acto do que se solicite o rexistro.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA COLABORACIÓN CON OUTROS REXISTROS E ORGANISMOS

#### Artigo 41. *Colaboración cos rexistros de cooperativas das comunidades autónomas.*

1. Cando o rexistro deduza que a competencia rexistral puidese corresponder a outro rexistro de cooperativas, dirixirase ó que considere que é competente, remitíndolle a solicitude xunto con certificación literal dos asentos rexistrais para a resolución que coide oportuna, e con expresión dos fundamentos que apoien a dita competencia. Aceptada a competencia polo rexistro de cooperativas da respectiva comunidade autónoma, informará da inscrición practicada ó Rexistro de Sociedades Cooperativas para os efectos oportunos.

2. Cando unha cooperativa inscrita nun rexistro autonómico solicite a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas por modificación de ámbito de actividades, este dirixirase ó rexistro no que figurase inscrita a sociedade, para que lle sexa remitida a certificación literal dos asentos rexistrais da sociedade. Se procedese a dita inscrición, tamén se inscribirán os antecedentes



rexistrais previos ó asento correspondente, se se tivesen remitido, e comunicaráselle a inscrición ó rexistro de orixe.

3. O Rexistro de Sociedades Cooperativas solicitará información dos rexistros de cooperativas das comunidades autónomas que teñan competencia na materia, para efectos de emisión de certificacións de denominación, nos termos previstos no artigo 33.

4. O Rexistro de Sociedades Cooperativas colaborará cos restantes rexistros de cooperativas, facilitándolles tanta información precisen para o desenvolvemento das súas funcións, podendo, así mesmo, solicitar destes os datos que se consideren necesarios para a xestión que lle corresponde.

#### Artigo 42. *Coordinación cos rexistros mercantís.*

1. Na coordinación cos rexistros mercantís en materias de legalización de libros e depósito das contas anuais observarase o disposto no real decreto ó que se refire a disposición derradeira terceira da Lei de cooperativas.

2. A emisión da certificación negativa de denominación solicitada será efectuada polo Rexistro de Sociedades Cooperativas logo de información ó Rexistro Mercantil Central. Transcorridos cinco días sen que a dita información fose facilitada, terase por realizado o trámite e procederase á emisión da certificación correspondente.

#### Artigo 43. *Colaboración con outros organismos.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas expedirá as certificacións e emitirá os informes que lle sexan solicitados por outros organismos das administracións públicas, cando correspondan ó exercicio de cometidos ou competencias que teñan atribuídas, e se refiran a datos ou circunstancias de contido rexistral sobre sociedades cooperativas concretas.

2. O rexistro expedirá as certificacións rexistrais que lle soliciten os órganos xurisdiccionais.

#### Artigo 44. *Colaboración para o cumprimento da Lei de cooperativas.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas solicitará a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos da súa lei ordenadora, e para os efectos dos artigos 2.6 e concordantes do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, cando dispoña de antecedentes sobre potenciais incumprimentos do disposto na Lei de cooperativas.

2. Se o Rexistro de Sociedades Cooperativas comprobare, por calquera medio, indicios de incumprimento en materia da súa competencia, dirixirase á correspondente sociedade requiríndoa de emenda ou para aclaración de situacións, con carácter previo para proceder conforme o punto 1 deste artigo.

#### Disposición transitoria única. *Adaptación de estatutos á Lei de cooperativas.*

1. As sociedades cooperativas constituídas con anterioridade á vixencia da Lei de cooperativas disporán de tres anos a partir da dita vixencia para adaptalos seus estatutos á citada lei, conforme a súa disposición transitoria segunda.

2. Transcorrido o dito prazo, non se inscribirá no rexistro ningún documento das sociedades, mentres non se inscribise a adaptación dos seus estatutos sociais, salvo os supostos sinalados para o efecto na citada disposición transitoria. As regras para a inscrición rexistral da adaptación dos estatutos serán as establecidas neste regulamento.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**3136** *REAL DECRETO 135/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen as condicións básicas polas que se rexen as probas previstas no artigo 52.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, para a obtención do título de graduado en educación secundaria polas persoas maiores de dezaoito anos de idade. («BOE» 41, do 16-2-2002.)*

O artigo 52.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece que as administracións educativas, nas condicións que para o efecto se establezan, organizarán periodicamente probas nas que se valorarán as capacidades xerais propias da educación básica, para que as persoas maiores de dezaoito anos poidan obter directamente o título de graduado en educación secundaria e con isto a oportunidade de acceder ós niveis ou graos das ensinanzas non obriatorias, como indica o artigo 53.1 da citada lei.

Entre as materias sobre as que a Constitución reserva expresamente competencia exclusiva ó Estado atópase a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais (CE 149.1.30.<sup>a</sup>). Así mesmo, segundo especifica a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), correspóndelle ó Estado, «en todo caso e pola súa propia natureza», a regulación das condicións para a obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.

Correspóndelle, pois, ó Estado, en virtude desta competencia, que lle reservan en exclusiva as superiores normas citadas, establece-las condicións nas que deben levarse a cabo as probas previstas no artigo 52.3 da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, xa que, ó regular nos seus aspectos básicos tales probas, conducentes á obtención directa do título de graduado en educación secundaria, se regulan condicións de obtención dun título académico.

Por outra banda, as normas estatais básicas que regulan os procedementos de obtención de títulos ós que lles corresponde igual validez en todo o territorio español, deben facelo en termos que aseguren a igualdade básica de tódolos que en calquera parte do territorio español (CE 149.1.1.<sup>a</sup>) se sometan ó proceso correspondente. E neste caso, polo mesmo, a norma débelle asegurar esa igualdade básica a tódolos maiores de dezaoito anos de idade que, en calquera parte do devandito territorio, se acollan á posibilidade de obter o título de graduado en educación secundaria mediante a realización das probas previstas no artigo 52.3 da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Correspóndelle, pois, ó Estado a regulación básica desta materia tamén en virtude da competencia que lle confire, así mesmo, en exclusiva, a Constitución, postos en relación os seus artigos 149.1.1.<sup>a</sup> e 27.<sup>a</sup>, para garantir as condicións básicas de igualdade de todos no exercicio do dereito fundamental á educación, correspondéndolle ó Goberno aproba-la norma oportuna regulamentaria.

Sen prexuízo dos anteriores títulos competenciales, este real decreto vén esixido pola necesidade de lle dar cumprimento ó previsto no artigo 16.3 do Real decreto 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, na redacción dada a este precepto polo artigo